XULLO-AGOSTO 2023
Revista Galega de Información Literaria - Ano 21 N.º 123
PVP 3 €

**Luar na Lubre celebra cun libro-disco catro décadas nos escenarios**

**Novelas de Antón Riveiro Coello, Xabier Paz, Marina Mayoral, Xulio L. Valcárcel, Luís M. García Mañá, Francisco Coimbra e Xosé Cermeño alentan un verán de lecturas**

# Biblos

CLUBE DE LECTORES



CARTA AOS LECTORES

Máis libros de texto e menos tempo de pantalla en clase para evitar a formación de analfabetos funcionais. E tamén prohibir levar a clase teléfonos móbiles, tabletas ou reloxos intelixentes. E quen propón semellante barbaridade?, preguntaranse por exemplo na Xunta (e non só). Pois a primeira medida é do Goberno sueco, un deses espellos nórdicos nos que tanto lles gusta mirarse a algúns dos políticos que dende hai moito tempo ameazan a cultura en xeral e a galega en particular. E no segundo caso, os Países Baixos.
Así que a estas alturas temos que recorrer á odiosa frase "nós xa o dixemos moitas veces", afirmación que poderán corroborar quen teñan lido esta sección. E o caso é que tampouco nos consideramos uns aleutos descubrindo a pólvora. Simplemente, é evidente que o noso desenvolvemento precisa tanto de andar, correr (sen que nos leven de cote nun carriño ou no colo) e xogar (sen que sempre estean os pais, nais ou titores enriba nosa impoñendo normas) como de desenvolver as habilidades das mans que caracterizan a nosa especie (que mellor que debuxar, pintar ou facer caligrafía, tocar un instrumento) e que, apuntan os expertos, poderían estar nada menos que detrás da evolución singular do noso cerebro. Como tamén precisamos para o desenvolvemento a lectura concentrada e todo o que leva de exercicio de interpretación, imaxinación, análise, proxección..., sen que iso sexa posible se non é cun libro entre as mans.
Escoitar hai anos un alto cargo de cultura afirmar nunha libraría que ían suprimir os libros das aulas e enchelas de pantallas foi para nós un trauma que aínda non superamos. Dixo que era o modelo nórdico. E ningún razoamento nin a evidencia de que detrás dunha moda así estaban os incalculables recursos das multinacionais implicadas no negocio tiñan ningunha posibilidade de convencelo.
O mesmo que aceptaba sen máis que o libro electrónico enterraría o formato en papel.
Pois non foi así. Pasou a moda e o libro electrónico quedou reducido a aquel espazo no que é imprescindible (para quen ten que viaxar moito e quere levar consigo varias obras sen que lle ocupen, ou para lectores alérxicos ao papel, por exemplo).
E Suecia, que é a novena mundial en comprensión lectora segundo o informe PIRLS (deste tipo de informes e os seus criterios tampouco hai que facer dogma de fe) decátase de que van costa abaixo por abrazar sen miramentos a moda electrónica.

**Carmela González**
Directora

Biblos
CLUBE DE LECTORES
**Biblos Clube de Lectores, S. L.**
Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña
Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039
www.biblosclube.com
email: subscritores@biblosclube.com
Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440

**A Portada**
Naufraxio, acrílico sobre lenzo de Xoán G. É o naufraxio, tanto do devir do obxecto cotián, como da propia humanidade na súa relación co mar. Un mar agredido, convertido en paisaxe desértica, no que unhas «algas» aparecen formando un primeiro plano coma pantasmas do que noutrora foron. Xa nin algas son, formas e materias suxiren ser a lembranza dun fondo mariño.











# Xandre Millet, Inma López Silva, Francisco Narla e Iria Pedreira pasaron pola libraría Biblos

No mes de xuño que vén de rematar, na libraría Biblos de Betanzos descubrimos o talento do músico Xandre Millet, confirmamos que Inma López Silva non só é unha gran escritora senón tamén unha conversadora formidable, compartimos a emoción de Francisco Narla ao falar da resistencia épica dos chamados celtas, celtas hispánicos, celtas atlánticos ou castrexos ao resistírense á case todopoderosa Roma e soubemos da valía do traballo de Iria Pedreira para visibilizar as obras dos dramaturgos e dramaturgas galegas que se inspiraron nos textos clásicos grecolatinos para arrequecer a escena galega.
Xandre Millet ofreceu un concerto íntimo para presentar o seu segundo traballo discográfico, *Moi noso*. Foron uns gozosos 90 minutos nos que o propio Xandre acompañado de Víctor Varela á guitarra e da vocalista Margarita Loureda amosaron o seu talento. Por se o anterior fose pouco, puidemos comprobar que no directo Xandre consegue que o fío condutor da súa narración entre tema e tema sexa ameno e sirva para o concreto.
A escritora Inma López Silva conversou demoradamente coa profesora Lucía Vidal Seoane arredor de *Escola de mulleres*, a súa última e soberbia novela que non deixará impasible a ninguén que se somerxa na vida da protagonista, unha muller que podería rozar o ceo coas mans pero que a súa poderosa mente vai levar por sinuosos camiños. Unha carga de profundidade contra algunhas das convencións que marcaron a lume as vidas de moitas mulleres.
O escritor Francisco Narla presentou *Breo. O celta que desafiou a Roma* (Aira) unha novela histórica na que narra o enfrontamento brutal entre os galaicos e os invasores romanos no noroeste peninsular. Un relato sobre os chamados celtas, celtas hispánicos, celtas atlánticos ou castrexos no que reivindica a identidade de quen conseguiron dobregar o poder de Roma.
Falamos tamén dos mitos grecolatinos. Do seu legado ata os nosos días. Na escena e tamén na vida. Foi ao fío da presentación do libro de Iria Pedreira *Melpómene entre nós* (Laiovento). Trátase dunha xenerosa edición na que a autora ofrece un catálogo completo de 46 obras dramáticas de temática clásica do noso patrimonio literario. Como dixo a Doutora en Filoloxía Clásica e profesora titular de Filoloxía Grega na Universidade de Santiago M.ª Teresa Amado é un "excelente ensaio destinado a ser libro de cabeceira dos estudosos do teatro galego". Autora e presentadora fixeron numerosas referencias a Manuel Lourenzo, Isaac Díaz Pardo, Millán Picouto, María Xosé Queizán, Xosé Manuel Rodríguez Pampín e Luz Pozo. Ambas lamentaron máis unha vez o progresivo silenciamento das linguas clásicas no ensino e enalteceron o traballo de cantos dramaturgos e dramaturgas galegas se inspiraron nos modelos clásicos.
Un grupo de alumnos do CEIP Virxe da Cela de Monfero conversaron na libraría con Xesús Fraga arredor de *Virtudes (e misterios)*. Unha das singularidades deste encontro é a de que nel participaron tamén Isabel , Leonor e Elena, as tres fillas da propia Virtudes, a avoa de vontade de ferro e muller sacrificada "que traballou primeiro, antes e despois" nos seus trinta anos de emigración en Londres . Os catro protagonistas desta saga familiar compartiron un variado abano de anécdotas de moitas das amizades londinienses de Virtudes, a betanceira que acadou unha vida diferente nun país do que o descoñecía case todo.

# Xabier Paz



Foto: Distrito Xermar

## O libro e o tapiz

Entre os séculos XI e XII as figuras da raíña Urraca I e do arcebispo Diego Xelmírez enchen un tempo decisivo no que Galicia foi resgardo seguro da cristiandade ibérica, lugar onde se criaban os fillos dos reis. Nesta novela de Xabier Paz, ademais dos sucesos históricos e dos personaxes creados pola historiografía dominante, asoman os seres humanos que só a literatura é quen de revelar. Enfrontadas entre si, estas dúas figuras cimeiras evidencian cadanseu propósito de dominio nun relato que sucede no marco das loitas entre o poder laico e o eclesiástico, e a reforma gregoriana sustentada pola orde de Cluny. Como pano de fondo, as fronteiras indecisas e as alianzas efémeras, o auxe relixioso e cultural de Compostela e do Camiño, o papel dos magnates galegos na crianza de reis, o nacemento de Portugal como póla esgazada do reino de Galicia. Xabier Paz volve a un tempo apaixonante, berce axitado de mitos políticos e culturais propios e alleos, febra consistente da identidade histórica galega.

Xerais Rústica 15,5 × 23 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-1110-363-3

18,52 €




### Poesía

**Filoxenia do sangue**

Dep. Pontevedra Rústica
13 × 21 cm 92 páxinas

ISBN: 84-8457-269-2

7,25 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

**Materia de Lucrecio**

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-9782-474-3

15,15 €

**No canto do mar**

Espiral Maior Rústica
14 × 21 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-96475-05-2

15 €

### Títulos anteriores, Narrativa:

**Renacer**

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 304 Páxinas

ISBN: 978-84-9782-822-2

21,37 €

**As vidas de Nito**

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 400 Páxinas

ISBN: 978-84-9914-487-0

22,75 €

**A galera de Xelmírez**

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-9914-882-3

18 €

**Aníbal e a Pintora**

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 376 páxinas

ISBN: 978-84-9121-137-2

20,42 €

**Galileo no espello da noite**

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 328 páxinas

ISBN: 978-84-9121-548-6

19,90 €

**A Barcelonesa**

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-9121-914-9

17,57 €

Inma López Silva

## Escola de mulleres




A protagonista foxe da dor, da perda, dunha realidade incerta, da gaiola de ouro que os homes queren construír para pechala e admirala, da opresiva camisa de forza das convencións sociais. E para acadalo emprega a ironía e o seu propio corpo como armas, como camiño cara a unha redención que sospeita imposible. E así a súa pel e a súa mente convértense nun lenzo que, devagar, vaise esgazando polas unllas dos demais, emerxendo baixo o estigma da loucura ou, quizais, da clarividencia. Unha novela que cuestiona sobre os límites. Da liberdade ou da moral. E, de fondo, como paisaxe idílica ou inferno, as voces doutras mulleres, que, entre disputas e risas, a comprenden, a xulgan e a compadecen, mentres unha nena constrúe sobre o chan castelos con bloques de cores.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 462 páxinas

ISBN: 978-84-1176-011-9

20,80 €

Manuel Veiga Taboada

## Perder as bestas

Preto da fronteira as partidas de guerrilleiros comezan a reagruparse coa esperanza de que o final do nazismo sexa tamén o final da ditadura. O goberno organiza entón as chamadas contrapartidas, formadas por gardas e exmilitares, que actúan baixo falsa bandeira coa finalidade de sementar o terror e desprestixiar os seus adversarios. Na trama acompañamos a unha destas contrapartidas, co Capitán, o Sentado, o da cicatriz e o mozo, nunha razzia tensa e violenta, a través dunha terra feraz e húmida, na que o xuíz Núñez se presenta como o novo e caprichoso patrón.




Xerais Rústica
15,50 × 23 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-1110-338-1

16,10 €

Montse Ferreira Fervenza

## O ano das mazás

É o tempo da posguerra, tempo de miseria e desacougo. Os rapaces rabuñaban no lixo das casas ricas para apañar as mondas das patacas, que logo fervían e comían con ansia. Agora, nin iso, xa non hai mondas porque os ricos nos as tiran, gárdanas para cear cun chisco de aceite. Non é así en Vilaveiga –unha aldea morriñenta de montaña–, onde teñen mazás a rego cheo para dar alivio a bandullos de xente e animais: reinetas, mazás de sidra, riscadas, con becho, sen becho, amarelas, verdes e ata golden. Chegado un momento, na aldea comezan a suceder unha serie de acontecementos que fan espernexar até a mesma terra: Henrique "o do estraperlo" trae consigo unha escolma de libros, unha familia de herexes protestantes alugan a casa grande, e Adelaida, unha neniña con anemia, aprende a ler.




Xerais Rústica
15,50 × 23 cm 320 páxinas

ISBN: 978-84-1110-331-2

18,52 €

# Marina Mayoral



## O que queda de nós

Laura é a voz feminina de *Unha árbore, un adeus* (1988); Paco, o personaxe masculino de *Ao pé do magnolio* (2004). En *O que queda de nós* Marina Mayoral ofrece xuntas as dúas versións da historia de ambos dous seres que se amaron sempre e a vida separou.

Galaxia · Rústica
13,5 × 21 cm · 284 páxinas

ISBN: 978-84-9151-895-2

19,95 €




# Xulio L. Valcárcel






## O cantar dos músicos errantes

Obra que recolle, gaba e restitúe a memoria daqueles músicos anónimos que, con maior ou menor "afinación", mantiveron viva a chama da tradición na España en branco e negro do século pasado, na que transcorreu a infancia do autor. Amais, na mestura de realidade e ficción vai máis aló da temática estritamente musical para cicelar un atinado e exhaustivo retrato daquel mundo que se foi baleirando coa emigración e hoxe agonía, pasto do desleixo e do silencio.

Laiovento · Rústica
14 × 21 cm · 436 páxinas

ISBN: 978-84-8487-641-0

17,05 €

## Colección Peto de Xerais

### Carlos G. Reigosa
### Crime en Compostela




Gañadora da primeira edición do Premio Xerais de Novela, *Crime en Compostela* está considerada un fito da literatura galega por ser a obra que inaugura o xénero de novela policial e converterse nun indiscutido best-seller da narrativa galega dos últimos corenta anos. Protagonizada polo aventureiro Nivardo Castro e o xornalista Carlos Conde, presenta as pescudas arredor dun escuro asasinato en Santiago, cidade que é retratada aquí coas súas grandezas e miserias. Co tempo, o xénero policial converteríase, en palabras do crítico Manuel Rodríguez Alonso, "nun dos máis tocados pola novela galega actual, e o seu detective Nivardo Castro é xa un personaxe clásico".

Xerais · Rústica
13 × 20 cm · 272 páxinas

ISBN: 978-84-1110-326-8

13,95 €

### Suso de Toro
### Ambulancia




A través dun argumento sinxelo e concentrado, *Ambulancia* relata a historia fatal de Petete e Pequeno, dous delincuentes que se atopan en situación precaria e que atracan unha gasolineira ao día seguinte de abandonaren o cárcere de Monterroso. Unha novela entretida e desgarradora, na que os personaxes e as súas paixóns se moven pola cidade de Compostela coma se fose un fervedoiro de violencia e dureza, de vida e morte. O texto rende homenaxe á novela negra americana, con personaxes sinistros, sempre á beira do perigo. Unha novela trepidante, de violencia estrutural. En palabras de Diego Ameixeiras, *Ambulancia* continúa sendo un magnífico relato criminal de primeira orde. Entretemento puro."

Xerais · Rústica
13 × 20 cm · 120 páxinas

ISBN: 978-84-1110-325-1

13,95 €

### Kressmann Taylor
### Enderezo descoñecido




Cando *Enderezo descoñecido* se publicou por primeira vez en 1938 causou gran sensación pola crueza coa que expoñía diante da opinión pública norteamericana o veleno do nazismo dende os seus inicios. Conta a sorprendente historia de dous amigos e socios propietarios dunha galería de arte en California: Max Eisenstein, xudeu estadounidense, e Martin Schulse, alemán, que retorna ao seu país en 1932, coincidindo co ascenso do partido nazi. Obra breve e intensa. Aclamada pola crítica de todo o mundo, foi considerada polo *The New York Times Book Review* como "a denuncia máis efectiva que se pode facer contra o nazismo en literatura de ficción. É a perfección mesma".

Xerais · Rústica
14 × 21 cm · 64 páxinas

ISBN: 978-84-1110-336-7

13,95 €

# Luís M. García Mañá



## In articulo mortis

Despois da morte de Manuel Blanco Romasanta no presidio de Ceuta en 1863, o cura e capelán do Penal, que o atendeu *in articulo mortis*, decide colgar a sotana encabuxado por distintas razóns. Pasados os anos, transformado en xuíz, é destinado á Audiencia de Ourense, onde se atopa coa historia de Romasanta e decide estudar o proceso e determinar a razón pola que o reo manifestaba converterse en lobo para cometer as mortes. Nese tempo mestúranse distintas vicisitudes, amoríos de vello con rapaza nova, viaxes e a aparición dunha vella curandeira que sabe moito do licántropo. O final de novela é unha entelequia de difícil solución que vén pecharse cun novo drama.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 158 páxinas

ISBN: 978-84-1176-023-2

15,62 €




# Antón Riveiro Coello



I PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO DE NOVELA 2022




## Hotel Carioca

Verán de 1982. Helena ten 13 anos e os domingos lelle á avoa as cartas que envía o seu tío favorito, que marchou ao Brasil e xa nunca volveu. Un día chega unha que informa da súa morte nun accidente de tráfico en Río de Xaneiro. A familia sospeita que foi asasinado e fala coa nena para convencela de que lle agoche a morte á avoa. Helena escribirá esas cartas do Brasil e converterase nunha escritora precoz, construíndo unha realidade alternativa que descubrirá todos os silencios dunha familia tocada pola emigración e a desgraza. *Hotel Carioca* é unha novela múltiple que, coma unha matrioska, contén outras novelas que van dende unha de formación a outra psicolóxica, pasando mesmo por unha policial.

Galaxia Rústica
14 × 21 cm 596 páxinas

ISBN: 978-84-1176-049-2

24,70 €







### Fiz Vergara Vilariño

## ¿Por que Deus faría a brétema?

### Narrativa reunida

Edición ao coidado de Iago Rodríguez Yáñez que recolle o máis salientable da produción en prosa de Fiz Vergara Vilariño (trinta relatos e unha novela que non chegou a rematar), na gran maioría descoñecida. Son narracións na súa fala louzariña, con pezas entre infantís con fondo social, populares e tradicionais e retratos, onde ás veces o enfoque irónico e humorístico non exclúe a temática transcendente que aborda.

Galaxia Rústica 13 × 21 cm 268 páxinas

ISBN: 978-84-1176-033-1

19,95 €

### Anxo A. Rei Ballesteros

## Loaira

Obra cimeira da literatura galega do século XX, na que Anxo A. Rei Ballesteros traballou durante dez anos. É unha novela radicalmente política e unha apaixonante historia de amor. Escrita nunha prosa espléndida, o autor preserva a emoción, une harmonicamente a comedia e a traxedia, e difunde humor a carradas. Esta edición ao coidado de Manuel Castelao Mexuto corrixe as numerosísimas grallas que tanto desluciron a primeira de 1992 e suxire unha orde de lectura dos capítulos alternativa, a cal torna un texto tradicionalmente considerado difícil nunha novela fascinante, a mellor recreación artística do mundo estudantil de Compostela nos anos do tardofranquismo e memoria viva das súas pulsións máis imperecedoiras.

Laiovento Rústica 14 × 21 cm 498 páxinas

ISBN: 978-84-8487-629-8

28,45 €




### VV AA

## Tes cinco minutos #3

Terceiro volume que recolle os textos de alumnas e alumnos que participaron na Escola de Letras que botou andar en 2020 da man da Deputación de Pontevedra e a editorial Galaxia. Cinco minutos era o tempo que tiñan para desenvolver o seu traballo nas clases nesta iniciativa anovadora, que foi presentada na feira do libro de Frankfurt. Agora, para poñerlle o ramo ao curso, neste libro ofrecen os seus mellores traballos, xa liberados da tiranía do reloxo.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 122 páxinas

ISBN: 978-84-1176-013-3

15,20 €




## Pablo Fernández Barba

# Testamento

"A decisión de abandonar Madrid para sempre presentóuseme en forma de epifanía unha mañá de inverno, mediados os anos noventa do século pasado. 1995, creo. Mes de marzo, probablemente. A iso das 8:45. Estación de Barrio de La Concepción. Liña 7. Cor laranxa. Chovía. Que xa é mala hostia que chova en Madrid. Quen sabe, se non chovese aquel día pode que nunca acabase aquí. Pode que as cousas fosen ben distintas para todos. Pero aquela mañá de hai case que vinte anos Marcos aínda non nacera, e non había ninguén ao seu cargo para evitar que chovese".

Morgante Rústica 13,5 × 21,5 cm 254 páxinas

ISBN: 978-84-19040-10-7

19 €




## Francisco Coimbra

# Unha saca de patacas

Unha muller galega desembarca no porto de Macau cunha saca chea de patacas para a sobriña que vai visitar. Descoñece que a moeda de curso legal nesa rexión chinesa tamén recibe o nome de pataca. Entre os garduños do lugar, que viven de depenar turistas nos casinos macaenses, axiña comeza a correr un rumor sobre unha rica estranxeira, ao tempo que aparecen outros personaxes dispostos a protexer o tesouro da protagonista. A partir dese equívoco vaise urdindo unha narración chea de peripecias que leva por lugares de luxo, pero que tamén se achega á existencia silandeira das persoas que viven á marxe de tales excesos. Francisco Coimbra convida a unha reflexión sobre as contradicións flagrantes do noso presente.

Xerais Rústica 15,5 × 23 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-364-0

17,57 €




## Xosé Cermeño

# Días felices con Fábia

Amor, mentiras e melancolía. Tamén unhas pingas de humor, habituais na obra de Xosé Cermeño, para unha historia de sedución e enganos que transcorre no Porto. Un realizador de televisión en horas baixas chega para facer un documental sobre a acuicultura dos polbos e coñece a Fábia, unha bióloga que vai remover case todo na súa vida. As historias de amor empezan sempre cunha mentira. O protagonista vai anotando no seu caderno curiosas historias reais de mentireiros falsificadores e doutros trampulleiros notables que axudan a saber algo máis sobre el mesmo e as súas circunstancias.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 236 páxinas

ISBN: 978-84-1176-032-4

19,85 €




## VV AA

# Sombras á deriva

Recolle relatos dos participantes na terceira edición do Obradoiro de Creación Literaria en Rianxo, que dirixe Antón Riveiro Coello.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 188 páxinas

ISBN: 978-84-127039-4-8

15 €




## VV AA

# O libro do fútbol

Textos de once autoras e autores que poñen en palabras a emoción e a paixón polo fútbol: Pedro Feijoo, Mercedes Corbillón, Xosé Ramón Pena, Alberto Avendaño, Elena Gallego Abad, Ana Abad de Larriva, Rexina Vega, Xosé A. Perozo, Ernesto Is, Cristina Pato e Alfonso Becerra de Becerreá.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 166 páxinas

ISBN: 978-84-1176-024-9

15,86 €




## Jacobo Ríos

# De corazón galaico

Xabier, un estudante de Dereito en París, está a piques de terminar o seu ano Erasmus e enfróntase á decisión de quedar en Francia ou volver á Coruña, a súa cidade natal. Nesta encrucillada coñece a Artaï, un profesor universitario de Dereito celta, unha materia máis mítica que real e na que só el cre. Artaï proponlle a Xabier a procura dun libro lendario, o Ciprianillo, un grimorio de existencia cuestionable, cuxo descubrimento esperta cobizas e paixóns. Estes son os vértices de *De corazón galaico*, unha historia misteriosa que une Francia e Galicia, un itinerario cara a unha terra máxica onde furnas ao pé da Torre de Hércules e montañas sacras son aínda o punto de encontro entre o mundo do visible e do invisible na penumbra da noite de San Xoán. En castelán.

Hércules Rústica
14 × 21 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-19754-11-0

17,10 €




## Alberto Mancebo

# O que me quedaba por dicirche

A vida de Xoán transcorre nunha especie de entresoño que o obriga a manter unha relación dificultosa e estraña co mundo que o rodea. A súa inusitada beleza, na que todos reparan, e as experiencias que percibe cando adormece, convérteno nun mozo tan peculiar coma a súa familia. Alberto Mancebo tece con axilidade e sutileza unha historia familiar, íntima e sentimental baseada nas intensas emocións dun estraño protagonista co que calquera persoa se podería identificar.

Xerais Rústica
15,5 × 23 132 páxinas

ISBN: 978-84-1110-362-6

17,05 €




## Ramón Torrado Romero

# A petición de Auli

Un home solitario ao que o amor lle foi esquivo e o seu sobriño Auli, un rapaz de once anos observador e intelixente, inician unha viaxe xuntos. Son dous seres perdidos, faltos de afecto e con escasa fe no ser humano para os que non será doado estar en sintonía, pero as experiencias comúns e o tempo compartido irán derrubando os muros que os separan. Porén, ambos vivirán as súas aventuras interiores de forma moi diferente. Ao final da expedición o home verase como a columna que axudará a Auli a vencer os obstáculos da vida e este sorprenderao cunha petición imposible de asimilar.

Belagua Rústica 14 × 21 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-12682-20-5

15 €




## Jorge Emilio Bóveda

# Caixa B

Pastor Páez, detective con formación en Letras, viaxa a Sanvento para facer un seguimento de Vicente Risco e da súa familia. O obxectivo é cubrir un informe sobre a desaparición dunha cantidade de cartos da caixa B dunha empresa construtora na que Otero Risco traballou. O informe de Páez irá pondo en evidencia a maquinaria da sociedade en varios dos seus estratos, á vez que se desenvolve en torno a eles unha trama insospeitada.

Toxosoutos Rústica 13 × 20 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-127039-6-2

16,15 €




## Héctor Pose

# A urna das cartas

Fran regresa de adulto á vila de onde o desterraron de cativo. Vén a se desfacer da casa patrucial, chea de tristes recordos. Como un decorado de cartón pedra, e reserva do eco, a vila semella estar sumida nun letargo perenne. Don Tino —un carteiro e mestre represaliado polo franquismo— fixera feliz por un tempo aquel neno, pero xa todo fica no pretérito. Mais o pasado non pasa nunca e o presente continuo é unha colaxe de reencontros, de cartas e de amor.

Hércules Rústica 14 × 21 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-19754-10-3

17,57 €

En castelán:

**La urna de las cartas**

ISBN: 978-84-19754-09-7




## María del Carmen Rey Núñez

# As arelas de Mariña

Mariña non coñeceu o amor dos seus proxenitores. Era unha empregada quen a atendía e lle daba agarimos. Con todo, ela fixábase no proceder dos seus. Sobre todo, no da avoa materna a quen desexaba parecerse porque a consideraba excepcional.

Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 300 páxinas

ISBN: 978-84-127039-3-1

15 €




## Xosé de Cea

# Coímbra

Coímbra é unha rúa do barcelonés barrio de Horta e o mosaico onde Xosé de Cea constrúe, tesela a tesela, a epopea da emigración galega en Cataluña vivida por un neno. Testemuña dun tempo de convulsos cambios sociais que se precipitan tras a fin da ditadura franquista, verá como á transición política se superpoñen outras que condicionarán a súa educación sentimental. O relato deixa ver que aquela odisea migratoria que sacaría a millóns de homes e mulleres da fame e da miseria acabará deixando como herdanza o desarraigamento, o exilio e a condena.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 480 páxinas

ISBN: 978-84-1176-030-0

16,72 €




## Xosé Neira Vilas

# Chegan forasteiros

"Fun pasar as vacacións á Aldea Vella, onde vive meu tío Felipe, e botei alí unha tempada. E paseino ben, moi ben, falando con xentes dos arredores que sabían quen eu era; deprendendo novos xogos; vendo cada día ferramentas e animais que denantes só vira nos libros... E entre unha leria e outra, veña de chamarme "forasteiro", con certa retrónica e con ese seu dicir tan chusco, tan pavero". Texto da contracapa. A edición inclúe ilustracións de Vizoso.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 98 páxinas

ISBN: 978-84-1176-046-1

13 €




## Manuel García Barros

# Dos meus recordos

Miscelánea onde Manuel García Barros conta, con humor, retranca, amenidade e, ás veces, certa amargura, "casos" e "cousas" que deixaron fonda pegada na súa memoria, desde o servizo militar en Vigo a finais do século XIX, ata a década de 1960, na súa Pousada de Callobre. Uns "apuntamentos" que fan repaso da súa azarosa vida, desde a subxectividade da lembranza.

Galaxia Rústica
13 × 19 cm 206 páxinas

ISBN: 978-84-9151-956-0

15,20 €

# Paco Martín






## Mr. Smith e a festa murada

Caderno-diario "Da expedición científica que Mr. Smith realizou polas rúas e prazas dunha cidade galega, coa xenerosa intención de dar cunha nova vía que servise de atallo no camiño da investigación socioxeográfica e, de presentárselle a ocasión, aproveitar para facer algún descubrimento de carácter etnográfico, zoolóxico ou mesmo botánico", que lle proporcionase algo así como certo recoñecemento social. Do texto da contracapa.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-1176-028-7

16,72 €




### Adela Figueroa Panisse

## A quadratura do círculo

### Historias de Lugo que podían ter acontecido noutro lugar qualquer

"Nesta coletânea de contos referem-se diferentes histórias que têm como quadro ambiental Lugo. São três relatos independentes, mas que tratam de temas relativos à esta cidade em diversos tempos. Aconteceres que podiam ter sucedido noutra cidade qualquer, nomeadamente da Galiza. Poda que noutra qualquer cidade de Espanha ou de Portugal, mas o caso é que escolhi o quadro local de Lugo por ser esta a vila em que nasci e na que vivo". Texto da autora.

Medulia Rústica 14 × 20 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-19438-43-0

17 €




### Thora Hjörleifsdottir

## Magma

Lilja namora dun rapaz intelixente e guapo que le a Derrida e cociña pratos vexetarianos. Múdase ao seu pequeno apartamento, e conforme esta nova vida en común alimenta o seu desexo de compracer á súa parella, os abusos case imperceptibles del continúan aumentando sen que ela os detecte. Ela intenta desesperadamente ser a amante perfecta e satisfacer as necesidades del. Pero para iso desdebuxa os seus límites e perde a conciencia de si mesma. En tradución de Elías Portela.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 148 páxinas

ISBN:978-84-19795-00-7

16,15 €




### Maggie O´Farrell

## A desaparición de Esme Lennox

Recuperamos esta obra da autora dos libros de éxito internacional *Hamnet* e *El retrato de casada*. Edimburgo, na década de 1930. A familia Lennox ten problemas coa súa filla Esme. Con frecuencia, avergónzaos ante a boa sociedade e hai que lle poñer remedio a este problema. Que fixo Esme para merecer que a encerrasen toda a vida nun manicomio? E como é posible que se poida borrar completamente unha persoa da memoria da familia?

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 244 páxinas

ISBN: 978-84-9865-402-8

19,90 €






### Delphine de Vigan

## As gratitudes

Conmovedora novela que convida a reflexionar sobre a vellez, a dependencia, a angustia, a deterioración imparable e a empatía. A saúde de Michka, unha muller independente e culta, resentése, polo que ingresa nunha residencia da terceira idade. Tanto Marie, a súa veciña, coma Jérôme, o logopedista que a asiste, póñen o seu gran de area para que a anciá deixe de sufrir polo que considera unha débeda moral relacionada cun momento clave do seu pasado. Como revela o título, a gratitude ocupa un lugar central: a de Marie cara á persoa que permitiu que se convertese na muller que é; e a de Michka, cuxo maior desexo é localizar as persoas que lle salvaron a vida. Traducido do francés por Xavier Senín.

Hugin e Munin Rústica
13 × 20 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-126007-6-6

15 €




### Victoria Benedictsson

## Cartos

*Cartos* (1885) ten moito de novela autobiográfica, e fai que Benedictsson brille con luz propia dentro da corrente feminista sueca do século XIX. Pon o foco na institución do matrimonio, na eventual separación e, dun modo máis xeral, nas limitacións impostas ás mulleres, para o caso, as burguesas. Selma Berg, de dezaseis anos, soña con formarse como artista e poder facer da pintura a súa profesión, até que o seu tío, quen a tutela, lle traslada a tentadora proposta de matrimonio realizada por un vello terratenente. En tradución do sueco de Marta Dahlgren.

Hugin e Munin Rústica
13 × 20 cm 248 páxinas

ISBN: 978-84-126007-4-2

15,67 €




### Edith Wharton

## As irmás Bunner

Na Nova York de finais do século XIX, as irmás Bunner, rexentan un humilde comercio que apenas lles dá para ir tirando. Escrita en 1892 pero inédita até 1916, esta novela de Wharton constata que o seu talento non se limita á descrición de individuos da alta sociedade á que pertencía, senón que abrangue tamén seres solitarios e desfavorecidos. Cunha prosa sinxela de corte realista, enriquecida por veces cun rexistro léxico elevado, o ton melancólico pero esperanzador desta obra resulta clave para apreciar a amplísima variedade de subtemas: o decoro social, a beleza, a amabilidade, a fe ou o amor fraternal. Traducido do inglés por Alejandro Tobar.

Hugin e Munin Rústica
13,5 × 21,5 cm 156 páxinas

ISBN: 978-84-126007-5-9

15 €



# Haruki Murakami
## Premio Princesa de Asturias das Letras 2023

O escritor Haruki Murakami (Kioto, Xapón, 1949) vén de recibir o Premio Princesa de Asturias das Letras 2023. As súas obras están traducidas a máis de trinta idiomas e por elas recibiu prestixiosos premios como o Noma, o Tanizaki, o Yomiuri e o Franz Kafka e, en Galicia, o Arcebispo San Clemente, concedido por estudantes galegos. Catro das súas obras foron traducidas directamente do xaponés para o galego por Mona Imai e Gabriel Álvarez, e publicadas pola editorial Galaxia.




### Tras do solpor

En Toquio, no tempo que vai da medianoite ao amencer, iníciase e remátanse as historias desta novela. No seu centro, as irmás Eri e Mari, e cabo delas un mozo trombonista de jazz. Xente da noite, vidas que conflúen, segredos descubertos e preguntas que ás veces non precisan resposta.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-9865-111-9

17,57 €




### Do que estou a falar cando falo de correr

En 1982, tras deixar o local de jazz que rexentaba e dedicarse a escribir, Murakami comezou tamén a correr. Despois de participar en ducias de carreiras de longa distancia e en triatlóns, o novelista reflexiona nesta obra sobre o que significa para el correr e como influíu na súa maneira de escribir.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 188 páxinas

ISBN: 978-84-9865-166-9

17,48 €




### 1Q84
Libros 1 e 2

Son 932 páxinas das que xorde un universo novelesco propio, un magma narrativo poderoso. A novela desenvólvese sobre o pano de fondo da historia contemporánea, das seitas relixiosas, do maltrato e da corrupción, un universo enrarecido no que o narrador escaravella para desvelar outra realidade oculta.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 932 páxinas

ISBN: 978-84-9865-325-0

26,03 €




### 1Q84
Libro 3

Volven Aomame e Tengo, desta vez na compaña do detective Ushikawa. A narración desenvólvese á vez en dous mundos imbricados, o de 1984 e o de 1Q84 –en xaponés, Q e 9 pronúncianse do mesmo xeito–, un universo singular, de noites iluminadas por dúas lúas, que absorbe e imita a realidade, que a fai súa.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 532 páxinas

ISBN: 978-84-9865-389-2

22,89 €

# Aki Shimazaki en galego

Aki Shimazaki
### Suisen

Terceira entrega da pentaloxía da autora canadense nada no Xapón, da que Rinoceronte Editora xa publicara outros dous títulos. Casado e pai de dous fillos, Gorô preside a empresa que fundou o seu avó e que conta con herdar. Compaxina o traballo e a familia cunha axitada vida social, e mesmo mantén dúas amantes, rodéase de importantes clientes nos bares e mostra con orgullo fotos súas con famosos. E, aínda que se considera un home de éxito, sempre cre merecer máis. Porén, algo se torce de repente nos seus plans de futuro, e terá que mirarse ao espello con franqueza. Traducido por Sergio Gómez Blanco.




Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 130 páxinas

ISBN: 978-84-19795-03-8

16,15 €

Aki Shimazaki
### Azami

Aos seus 35 anos, Mitsuo Kawano traballa como editor nunha publicación cultural mentres espera fundar a súa propia revista de Historia. Hai tempo que deixou de ter relacións sexuais coa súa parella e frecuenta salóns eróticos. Un día crúzase con Gorô Kida, un excompañeiro que se converteu no presidente dunha importante empresa, e con el asiste a un selecto club onde atopa unha antiga amiga da escola, a misteriosa Mitsuko, o seu primeiro amor. O encontro con Mitsuko, a quen chama Azami, coma a flor do cardo, esperta nel unha paixón inesperada e revive os seus desexos de xuventude. Traducido por Sergio Gómez Blanco.




Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-19795-01-4

15,20 €

Aki Shimazaki
### Hôzuki

Mitsuko rexenta unha libraría de segunda man especializada en obras filosóficas. Alí pasa os días tranquilamente coa súa nai e mais con Tarô, o seu fillo xordomudo. Co fin de garantir a súa independencia económica, cada venres pola noite convértese en camareira nun bar de alterne de alta gama. Un día, unha muller distinguida entra na tenda acompañada pola filla pequena, que conecta moi ben con Tarô. Para compracer o seu fillo, Mitsuko aceptará volver velas, malia que normalmente evita facer amizades. Este encontro podería poñer en perigo o equilibrio da súa familia. Tradución do francés de Moisés Barcia.




Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 114 páxinas

ISBN 978-84-19795-02-1

15,20 €




Ricardo Alcántara

## A bruxa divertida

Tras *O pequeno indio* e *O pirata valente*, o tándem creativo formado por Ricardo Alcántara (texto) e Gusti (debuxos) presenta unha protagonista feminina audaz e curiosa cuxos encantamentos se ven interrompidos por unha misteriosa voz. O texto rítmico e rimado de Ricardo Alcántara describe a bruxa Rosalía e detalla as súas habilidades coas apócemas e os feitizos. Traducido por Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 17,5 × 22 cm 16 páxinas

ISBN: 978-84-1343-191-8

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

En castelán:

**La bruja divertida**

ISBN 978-84-1343-192-5

Taro Gomi

## A bañarse!

Un álbum cheo de sorpresas, xogos visuais e onomatopeas, que aborda o hábito cotián do baño con graza e orixinalidade. Chega o final do día e, antes de ir durmir, León ten que bañarse. Cunhas ilustracións sinxelas, definidas e expresivas, constitúe un recurso máis para fomentar a autonomía dos nenos e as nenas á hora de afrontar as tarefas cotiás. A tradución é de Maki Fukuhara.

Kalandraka Cartonado 20 × 24 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-233-5

15,20 €

Sesyle Joslin

## A pequena familia

Publicado en Nova York en 1964, contén catro relatos breves, sorprendentes e deliciosamente absurdos. Trátase de construcións moi sinxelas estruturadas sobre a base da acumulación e a repetición de elementos ata alcanzar un final inesperado e humorístico. Destacan as ilustracións de John Alcorn. Inclúe un glosario bilingüe galego-inglés. En tradución de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 19 × 25 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-1343-213-7

15,20 €

En castelán:

**La pequeña familia**

ISBN: 978-84-1343-214-4




Irene Alonso

## A caca cuca viaxa a U.K.

A Caca Cuca vai viaxar a Reino Unido para ver mundo. Na súa estadía aprenderá algunhas palabras en inglés pero, a pesar de marchar moi leda, pronto vai ter morriña da súa terra galega. Con ilustracións de Mariña Rey Noya.

Galaxia Rústica
24 × 21 cm 28 páxinas

ISBN: 978-84-1176-020-1

15,10 €

PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO 2023




Laura Cid Rascado

## Maruchi e o gancho

Un día no que ía moito frío a galiña Maruchi decidiu facer gancho para vestir as súas pitas. Como era un pouquiño despistada, a cousa no foi ben á primeira. Pero axiña se decatou de onde estaba o problema e unha vez que puxo os lentes logrou rematar o traballo e quedar así satisfeita.

Galaxia Cartonado
24,5 × 21,5 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1176-050-8

15,10 €




Irene Quinteiro

## Xiana e a meiga Xela

En Bemol Pequeno as súas xentes perderon a música e as cancións. As lectoras e lectores poden acompañar a Xiana nesta aventura para descubrir que foi o que pasou. Con ilustracións de Daniel Barbazán.

Belagua Rústica
23 × 23 cm 28 páxinas

ISBN: 978-84-126822-3-6

14,95 €




Estefanía Padullés

## O pesadelo de Mateo

A nai de Mateo exclama "Que pesadelo, que pesadelo!" cada vez que atopa esparexidos polo cuarto os xoguetes, os libros, a roupa. O fillo defféndese dicindo que el non ten nada que ver co desorde e que toda a culpa é do monstro Pesadelo. A Mateo pareceulle brillante a idea de inventarse un monstro, pero talvez non foi tan boa.

Belagua Rústica
23 × 23 cm 30 páxinas

ISBN: 978-84-126822-1-2

14,95 €




3↑

## Eric Carle
### A araña moi ocupada

Os animais da granxa queren xogar coa araña, pero ela está moi ocupada tecendo a súa tea. Poderase chegar ata ela seguindo o fío de seda co tacto dos dedos.

Kalandraka Cartonado 28,5 × 21 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-226-7

15,20 €




3↑

## Ángela Méndez Alonso
### O verme que quería voar

Co paso do tempo, do mesmo xeito que ao verme deste conto, todas as persoas descobren as capacidades e habilidades que posúen para alcanzar os seus soños. Unha conmovedora historia para ler e colorear. Ilustrado por Nusy Lo.

Belagua Rústica 23 × 23 cm
28 páxinas

ISBN: 978-84-126822-2-9

14 €




3↑




## David Pintor
### Tartaruga vs. Lebre
# O desquite

O xenial debuxante David Pintor achégase á fábula da tartaruga e a lebre para reinterpretala e engadir unha sorpresa final pola que descubrimos a verdadeira razón que levou á primeira a gañar a carreira. As imaxes expresivas e próximas á linguaxe visual do cómic acentúan o sentido do humor deste álbum hilarante.

Kalandraka Cartonado
22 × 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-227-4

14 €




5↑

## Rocío Ovalle
### Laura e a randeeira espacial

Laura é unha nena forte, curiosa, moi aventureira e, ás veces, tamén un pouco preguiceira. Soña con ser astronauta e ten unha randeeira coa que cada quen chega tan alto como é capaz de soñar. As ilustracións son de Nuria Díaz.

Galaxia Rústica
24 × 21 cm 54 páxinas

ISBN: 978-84-1176-021-8

15,90 €




7↑

## Silvia Lazzarino
### O sono animal

Un libro informativo rigoroso e sorprendente para descubrir as curiosas e variadas formas de durmir de máis dunha trintena de animais, tan diversas como a mesma natureza. Un paxaro que apaga a metade do cerebro mentres voa, unha mosca que adormece sobre a súa flor favorita e un peixe que se recosta na súa cama de burbullas, entre outros. O minucioso contido científico compleméntase con detalladas ilustracións a acuarela de María José Arce. Traducido por Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado
21,5 × 29,5 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-19213-41-9

16,15 €




8↑

## E. B. White
### Stuart Little

Cando a señora Little ten o seu segundo fillo, todo o mundo advirte que non é maior ca un rato. Ademais, o pequeno Stuart parécese moitísimo a un rato en todos os aspectos, polo que os seus pais temen que calquera día escape pola reixa. Malia o seu tamaño, Stuart Little está sempre disposto á aventura. En tradución de Moisés Barcia e con Ilustracións en branco e negro de Garth Williams.

Sushi Rústica
14 × 21 cm 134 páxinas

ISBN: 978-84-16884-70-4

16,15 €




PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL 2023

8↑

## Agustín Sánchez Aguilar
### Sé tartaruga

O galo Lourenzo estao a pasar moi mal. Leva moito tempo sen traballo e non ten nin un céntimo. Un día ofrécenlle ser profesor de canto e Lourenzo entusiásmase, porque a música é o seu. Pero o traballo non é o que esperaba... As súas alumnas son as Wonderful, cinco tartarugas velloqueiras que teñen unhas voces espantosas!. Ilustrado por Anna Baquero.

Rodeira Rústica
13 × 19,5 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-8349-810-1

9,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

# Carlos López




8↑

## Antón Cortizas Amado

### Quéresme adiviñar?

Son 332 adiviñas recollidas da transmisión oral, outras de textos e un fato delas inventadas. Algunhas son doadas de resolver e outras son máis complicadas, pero ningunha imposible de adiviñar. Con ilustracións de Pepa Prieto Puy.

Galaxia Rústica
12,7 × 19,8 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1176-031-7

14,20 €




9↑

### Mediometrópole e os superheroes

As autoridades da apracible urbe de Mediometrópole tratan de acabar de varias maneiras, algunhas delas verdadeiramente disparatadas, coa terrible ameaza de Morzilla, a lagarta tamaño XXL que se dedica, entre outras cousas, a papar edificios enteiros, coma se fosen pasteis de cemento recheos de aceiro, e a ceibar lume pola boca sen considerar que é agosto e a xente xa está a pasar calor dabondo. Con ilustracións de Xan López Domínguez.

Xerais Rústica 13,5 × 19 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1110-337-4

12,95 €




10↑

## Félix Caballero

### O tesouro do Casqueiriño

Guiados polo Ciprianillo, o vello libro que se tiña por máxico, un feixe de rapaces van ir á procura dun tesouro agochado polos muros da praia palmeirense do Baluarte. Ilustrou o texto Evaristo Pereira.

Galaxia Rústica
13 × 20 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1176-044-7

11,40 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Teatro de monicreques




12↑

V PREMIO DE LITERATURA INFANTIL CARLOS MOSTEIRO 2022

## María Canosa

### Teño un volcán dentro

Miguel observa o mundo con ollos comúns, pero ten unha mirada diferente. A súa cabeza procesa as cores, os números e a música dun xeito especial. Quen o rodea é consciente do extraordinario do seu interior. Miguel sente que baixo o peito algo estoupa. Ten un volcán dentro. Ilustrado por Zaida Novoa.

Galaxia Rústica
13 × 20 cm 258 páxinas

ISBN: 978-84-1176-015-7

14,20 €




## Olaia Sendón

### A fotógrafa Perpetua

Perpetua sempre o tivo claro: ela ía ser fotógrafa, o mellor oficio do universo! As fotos que fai contan historias, explican o mundo e axudan a recordar as cousas e a xente que se foron deixando atrás. Ser fotógrafa é marabilloso. Este libro, que tamén é un álbum de fotos, conta a vida de Perpetua, pero tamén algo máis: en todas as súas imaxes hai un segredo agochado.

Xerais Cartonado
21,5 × 26,5 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-335-0

15,67 €




Nova edición

12↑

## Jakob Wegelius

### O mono do asasino

É de noite no porto de Lisboa. Baixo o brillo das farolas, un home corre para salvar a súa vida. O perseguidor achégase e alcánzao. A loita acaba nuns intres. Esa noite, axiña corre a noticia de que se cometeu un asasinato. Pero tamén se difunde outro rumor máis espantoso; entre as ruelas do barrio portuario agóchase un simio louco e sanguinario. É o mono do asasino. A tradución é de Moisés Barcia.

Sushi 14 × 18 cm 624 páxinas

ISBN: 978-84-15920-97-7 (cartonado)
ISBN: 978-84-16884-68-1 (rústica)

22,80 €

En castelán:
**El mono del asesino**

ISBN: 978-84-15920-98-4 (cartonado)
ISBN: 978-84-16884-69-8 (rústica)




XV PREMIO BARRIGA VERDE (MODALIDADE RAPACES)

## Eva Mejuto

### Os contos do Lobicán

Para o xurado do Premio Barriga Verde *Os contos do Lobicán* é unha historia en verso áxil e atrevida, que busca darlle a volta aos contos clásicos. Lobicán é un lobo pequeno rosmón e inocente, que gusta ler, cantar, tocar música e cociñar, mais non estudar e ir á escola. Recibe a encomenda de súa nai de levar á casa do avó unha rica torta de amora e coidarse dos humanos, que só pensan en matalos. No camiño polo bosque ten que fuxir dos animais que gustan do cheiro da torta e coincide con Xiana, unha nena que vai á casa da súa tía cun bote de mel e coa que, logo de superaren cadanseus medos e reservas, inicia unha boa amizade. Ilustracións de Sofia Venzel.

Baía Cartonado
14,6 × 21 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-9995-427-1

15 €




PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA XUVENIL 2023

14↑

## Luis Leante

# Territorio descoñecido

Hai catro anos, un incendio destruíu o almacén de Alberto Soler en Hondares. Na caixa forte atoparon uns ósos humanos. A axente Padilla viuse implicada persoalmente no caso, e non só pola súa amizade co sospeitoso, senón tamén porque o seu fillo Diego ía á escola con Alicia, a filla de Alberto. Todo o que sucedeu durante ese curso no instituto prendeu a mecha que faría saltar polos aires unhas cantas vidas. Este é o relato da investigación.

Rodeira | Rústica
13 × 20,5 cm | 240 páxinas

ISBN: 978-84-8349-811-8

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Xulia Pisón e Óscar Losada

# Irene, a porteira

Na década dos anos vinte do século pasado Irene González foi a primeira rapaza que rompeu barreiras no fútbol ao se converter na porteira e capitá do equipo masculino coruñés ao que deu nome: o Irene F.C. Esta é a historia dunha nena que levou a súa paixón máis alá dos límites establecidos para as mulleres da época.

UDC | Rústica
17 × 24 cm | 60 páxinas

ISBN: 978-84-9749-869-2

14 €




## Héctor Pena

# A pioneira

De Ester din que é unha "marimacho". Tamén lle chaman "muller hombruna". E só porque lle gusta xogar ao fútbol. Ou, quizais, porque o seu corazón non latexa ao ritmo que dita a sociedade. Talvez é moito pedir para A Coruña de hai cen anos. Loitar contra todo e contra todos para facer realidade os seus soños é a súa razón de ser. Pero a Guerra Civil e a represión do fascismo poden ser un muro demasiado duro que superar. Ou non. Porque a "roja acérrima" que vían as autoridades convértese nunha pioneira e un exemplo para as mulleres de alto risco. Empacadoras, atadoras, pescantinas e proletarias da industria pesqueira que se botaron ás rúas para opoñerse ao novo Réxime do 18 de xullo. E co balón nas cabeza, nos pés e nas mans da gardamallas.

Xerais | Rústica
13 × 21 cm | 216 páxinas

ISBN: 978-84-1110-324-4

12,95 €

### Banda Deseñada




## Xosé Tomás

# Cando penso que te fuches

A poesía de Rosalía de Castro é o xerme deste libro. Trátase dunha obra que parte dos seus versos para transformarse en banda deseñada, nunha hibridaxe de xéneros. Dez poemas (ou fragmentos de poemas) da autora son o punto de partida dende o que o artista Betanceiro Xosé Tomás crea dez historias en formato cómic.

AS-PG | Cartonado
17,5 × 25 cm | 78 páxinas

ISBN: 978-84-126908-0-4

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Fernando Castro Paredes

# Miss Antropía

Noe está anoxada co mundo. Todo se esboroou tras a morte do pai. Odia a súa nai e canto a rodea. A súa furia interior acaba envorcándose na creación dun perfil falso nas redes sociais: "Miss Antropía", no que inventa a vida dunha rapaza que está morrendo de cancro. A nai de Noe decide mudarse. Na nova casa, os soños de Noe comezan a poboarse de persoas ás que non coñece, de mortos, de situacións violentas que non acaba de entender. Emprenderá unha investigación para dilucidar se hai algo de real neses soños. O que descubrirá será algo terrible, que a axudará a atopar o seu lugar no mundo.

Galaxia | Rústica
13,5 × 21 cm | 142 páxinas

ISBN: 978-84-1176-019-5

16,86 €




PREMIO O BARCO DE VAPOR 1997

## Xosé A. Neira Cruz

# Valdemuller

Unha historia de iniciación onde Mina, unha rapaza que acaba de facer quince anos, se interna no mundo dos coñecementos ancestrais das mulleres que saben, que sempre souberon ao longo dos séculos, malia as invisibilidades e os silencios impostos. Tamén é o nome dunha fraga frondosa e enigmática situada no corazón da provincia de Lugo. A novela publicouse por primeira vez hai vinte e cinco anos e xa daquela abordaba temas que hoxe seguen a reivindicarse.

Galaxia | Rústica
13,5 × 21 cm | 150 páxinas

ISBN: 978-84-1176-017-1

14,20 €




## Andrés Pombo Graña

# A dona de Auria

A novela é a continuación de *O segredo das Burgas* de 2018, seguindo as aventuras do medio-demo Ciprianiño (Cip). A historia comeza cando a meiga de meigas é chamada ao Edificio Simeón para tratar cunha invasión de trasnos. O que semella un simple caso de falcatruadas sobrenaturais pronto desvela ser unha conspiración para manter a Cip e os seus amigos entretidos. Ao mesmo tempo, dúas rapazas chegan a Ourense levando un obxecto misterioso. Cip e Landelina coñecerán personaxes do mundo máxico de Ourense, descubrirán que é o obxecto misterioso e como se relaciona cun antigo mal que está a piques de retornar.

Galaxia | Rústica
13,5 × 21 cm | 140 páxinas

ISBN: 978-84-1176-014-0

15,50 €

### Teatro




PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO 2022

## J. L. Baños de Cos

# Lume

A verdadeira protagonista de *Lume* é a violencia, cada vez máis presente na sociedade, en moitos casos agochada tralo anonimato da masa grupal. Roi, un rapaz de dezaseis anos, cunha vida igual á doutros rapaces da súa idade, toma unha serie de decisións que o levarán a cometer un horrible crime. Contada de xeito non lineal, ademais de Roi, tamén teñen cabida as voces dos seus achegados, que amosan os feitos e as súas consecuencias desde diversos puntos de vista. *Lume* é un convite a cuestionar de onde procede a violencia.

Galaxia | Rústica
13,5 × 21 cm | 142 páxinas

ISBN: 978-84-1176-022-5

9,80 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Antonio García Teijeiro

# O poder da fraxilidade

“É o amor unha porta aberta á esperanza? Despois do camiño percorrido na única vida que nos toca vivir, queda algo daqueles soños de nenez, da mocidade, dos primeiros anos da adultez? É o noso paso pola vida o voo dun paxaro que ás veces volve ao niño e outras emigra e non sabemos máis del?”. Son reflexións de An Alfaya no limiar do libro, que remata contundente: “Cando un entra no mar poético de *O poder da fraxilidade* ninguén sae indemne”.

Belagua | Rústica | 14 × 21 cm | 102 páxinas

ISBN: 978-84-124434-9-3

15 €




## Carlos Negro e Raquel Senra

# O tempo dos lagartos

“Este libro intenta ser un punto de sutura entre un tempo clausurado e unha expectativa de cambio; desa crise abrollan imaxes e palabras nun acto de supervivencia que transforma o amor nun dente de león a voar polo aire, porque medrar manca a pel, a casa, os adentros”. Texto da contracapa. Ilustrado por Raquel Senra.

Galaxia | Rústica | 16 × 22 cm | 120 páxinas

ISBN: 978-84-1176-055-3

15,20 €




## Luís Valle

# As asuras

As asuras é un poema sobre a epilepsia e a derruba do edificio psíquico. Poesía nos lindes do desposuimento, a febre e o tremor. Luís Valle (Lugo, 1977) publicou *Zigurat* en 2001, composto polos libros *Jano*, *Jethro en Irán*, *Poemas para el silencio* e *Inacabado*. Logo viñeron *Epitafio y corona para Manuel Quiroga* (2007), *A caída* (2009), *Fedor* (2011), *Caderno do mendigo* (2011), *As cicatrices do Sol* (2015), *Trona, o merlo* (2015), *Para que eu beba* (2017), *Óstraka* (2019), *Causa de nieve* (2021) e *Alianza* (2022). Con *As asuras* pecha un ciclo de vinte e cinco anos de escrita lírica pola que obtivo abondosos galardóns e recoñecemento crítico.

Barbantesa | Rústica | 14 × 20,5 cm | 54 páxinas

ISBN: 978-84-945501-7-1

12 €

*Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €*




## Xoán Neira

# Lúa Máxica

“*Lúa Máxica*, de Xoán Neira e Lucía Barrios, integra versos e deseños en mutuo diálogo plástico-literario. O cromatismo nocturno resólveo a artista con cores frías, suaves, apagadas: violetas, azuis, grises, mentres que as horas solares aparecen representadas con cores amarelas, intensas e vivas. Adáptanse ao texto sen por iso perder carimbo e identidade propias. Son, en suma, dúas achegas independentes integradas nunha unidade harmónica”. Extracto do epílogo de Xulio Valcárcel.

Medulia | Cartonado
17,5 × 25 cm | 54 páxinas

ISBN: 978-84-19438-45-4

20,80 €




## Eva de la Torre Conde

# Poética do(s) corpo(s): Poética do corpo dos corpos

A autora fala deste poemario como “unha necesidade vital de expresar validación a toda a vida que habitou dentro de min. Tamén como recoñecemento a todas as persoas que pasaron polo meu camiño. É por todas elas que hoxe vivo e son quen son (...). Por iso o chamei así, polo meu corpo, polos meus diferentes corpos segundo as capas ou os ciclos e por todos os corpos alleos cos que compartín ou comparto vida”.

Medulia | Rústica
14 × 21 cm | 72 páxinas

ISBN: 978-84-19438-44-7

14,90 €




## Pedro Mayo

# O mar que me mira

“Os poemas flutúan, ben no ar coma papaventos, ben no chan removidos polo nordés, ben na ribeira aboiando na auga, co engado da sensibilidade e da sinxeleza, á espera de ser recollidos para ser gozados. Esta é a poesía flutuante de Pedro Mayo, limpa e directa, que asolaga o corpo, que nos leva a un lugar concreto, ao Cantábrico, pero que podería ser lida e sentida por calquera e en calquera lugar, pero sempre mirando o mar que nos mira, porque todos levamos un mar dentro”, di a editora.

Toxosoutos | Rústica
10,5 × 16,5 cm | 88 páxinas

ISBN: 978-84-127039-1-7

11 €

*Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €*




## Manuel Guede Oliva

# Serenou a néboa

Este é o regreso de Manuel Guede a un lugar que é máis ca unha cidade posible ou o reverso dun espello chamado Ourense. A néboa é a celebración dunha derrota: inaugurada en 1985 con *Contra Serenou*, continuada en 2000 con *As doce e sereno* e que agora conclúe sabendo xa que é nesa dignidade onde se toma conciencia da historia, desde onde se axitan os desconcertos e se intenta poñerlle nome ás vidas perdidas entre a ironía e a desolación. Este libro trata sobre a aprendizaxe de como vivir derrotado e de como o fracaso forma parte dunha nosa identidade nacional.

Galaxia | Rústica
12,2 × 22 cm | 120 páxinas

ISBN: 978-84-1176-027-0

13,50 €




## Darío Xohán Cabana

# A fraga amurallada

Edición ao coidado de Alexandra Cabana Outeiro, autora tamén do limiar desta edición feita canda o aniversario do pasamento do escritor chairego. A obra foi Premio de Poesía Cidade de Ourense 1982. As ilustracións do interior son de Xermán A. Refoxo.

Dep. Lugo | Rústica
13 × 20,5 cm | 93 páxinas

ISBN: 978-84-8192-592-0

15,20 €

# José Luis Baños de Cos



Foto: Eva Camba

## Nas nubes

José Luis Baños de Cos propón unha situación futurista e distópica na que dous guías dun museo lle amosan a un público erudito obxectos da era "predixital", cunha ambientación musical e estética inspirada na cultura xaponesa. Para o xurado, a obra remite a un rexistro teatral no que os obxectos cobran un gran valor, tanto na súa dimensión plástica como simbólica, integrando temáticas como a obsolescencia programada ou a dixitalización da conduta humana.

Baía Rústica
14,6 × 21 cm 44 páxinas

ISBN: 978-84-9995-428-8

9 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




XV PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES (MODALIDADE ADULTOS)




Friedrich Meinecke

## A xénese do historicismo

É a obra dun historiador profesional que indaga a xénese dunha disciplina intelectual fondamente mutada xa no Século das Luces pero que rendería os seus mellores froitos despois das revolucións de finais do século XVIII. O Historismus, historicismo en galego, é a grande achega da escola histórica alemá á cultura universal. Friedrich Meinecke, afirma no limiar deste libro: "O núcleo do historicismo consiste na substitución dunha consideración xeneralizadora das forzas humanas históricas por outra de natureza individualizadora". O prólogo desta coidada edición é de Ramón Villares. Tradución de Henrike Fesefeldt e Xosé Manuel Núñez Seixas.

USC-Fundación BBVA Cartonado 17 × 21 cm 774 páxinas

ISBN: 978-84-19155-82-5

23,75 €




Roberto Salgueiro

## Perder

(2016-2021)

Roberto Salgueiro fai unha escolla de textos escritos entre 2016 e 2021, período que se corresponde a unha nova etapa da súa dramaturxia, máis fragmentaria, formalmente arriscada e creada a pé de escena para voces femininas.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 148 páxinas

ISBN: 978-84-1176-025-6

13,50 €




Dario Fo

## Morte accidental dun anarquista

En 1920, o inmigrante italiano, Andrea Salcedo, caeu desde o edificio do FBI en Nova York, e, en decembro de 1969, o mesmo lle ocorreu ao anarquista Giuseppe Pinelli, na xefatura de Policía de Milán. Estas "mortes accidentais" sérvenlle a Dario Fo para escribir unha comedia non só entretida e enxeñosa, senón que se constitúe nunha denuncia da inxustiza, a represión e a falsidade e contra o "terrorismo de Estado". En tradución de María Alonso Seisdedos.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 158 páxinas

ISBN: 978-84-1176-012-6

13,50 €




William Shakespeare

## Hamlet

En tradución de Miguel Pérez Romero. Hamlet é a obra dramática máis influente da cultura occidental e a máis citada, e o seu protagonista segue a ser contemporáneo noso, igual que o foi para xeracións de séculos anteriores. A profundidade da obra, a súa complexidade e ambigüidade fan que non sexa posible conseguir nunca un Hamlet definitivo. E e seguirá sendo sempre unha obra aberta, susceptible de múltiples lecturas.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-8487-627-4

17,05 €




Buenaventura Aparicio Casado

## A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega

Segunda edición revisada que chega vinte anos despois da saída do prelo dun texto que é un suxestivo e variado retablo dos mitos, crenzas e imaxinarios dunha vella sociedade, unha visión de Galicia e das súas xentes.

USC Rústica
11,5 × 18,5 cm 188 páxinas

ISBN: 978-84-19155-96-2

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Iria Pedreira Sanjurjo

## Melpómene entre nós

### A reelaboración dos clásicos grecolatinos na dramaturxia galega contemporánea

Ensaio que afonda nas polimorfas reinterpretacións da tradición clásica de dramaturgos contemporáneos (Manuel Lourenzo, Isaac Díaz Pardo, Millán Picouto, María Xosé Queizán, Xosé Manuel Rodríguez Pampín ou Luz Pozo Garza, entre outras moitas figuras).

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 458 páxinas

ISBN: 978-84-8487-625-0

28,45 €




## Xosé Antón Cascudo

# A mística da feminidade en Mad Men

Este ensaio trata de desvelar as conexións entre a serie de TV *Mad Men* (2007-2015) e o ensaio de Betty Friedan *The Feminine Mystique* (1963), texto clave da "segunda onda" do feminismo. Ambas as obras inciden no papel que desempeña a muller durante a década de 1960, no contexto da cultura de masas, coa sociedade de consumo, a publicidade e a televisión.

Galaxia Rústica 13,5 × 21 cm 174 páxinas

ISBN: 978-84-1176-048-5

17,33 €




## Sonia Villapol Salgado

# Consciencia

### A ciencia que nos rescatou da pandemia

A pandemia arrasou vidas e economías, deixou unha sociedade máis vulnerable e, como herdanza, a covid persistente. A ciencia foi a táboa de salvación en momentos de incerteza e angustia. Este libro conta como o apoio á investigación trouxo vacinas e terapias, fixo aflorar a esperanza e comezou a verse a luz ao final do túnel. O aprendido pode valer para afrontar mellor os desafíos no futuro, por iso a autora recomenda coñecer a ciencia e aplicala a conciencia.

Xerais Rústica 17 × 24 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-1110-357-2

18,52 €




## Borxa Neira

# Mover os marcos

### A (des)organizaçom do território galego

Na década de 1990, o Governo galego desenhou um custoso processo de comarcalizaçom que acabou tendo um resultado de escassa incidência real. Polo contrário, concelhos, províncias e outras partições administrativas alheias a nós até há dous séculos continuam em plena vigência. Os políticos movêrom os marcos. Os estudiosos sugerírom movê-los durante muito tempo, de diversas maneiras, a partir de pesquisas sobre o território. E este livro tenta mover os marcos internos, aqueles que delimitam o pensamento da pessoa que nos lê.

Através Rústica 16,3 × 23,4 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-16545-85-8

15 €




## Calros Solla

# Monte do seixo

### O santuario perdido dos celtas

Este libro é unha especie de atlas de xeografía mítica de Terra de Montes. Publicado orixinalmente no ano 2008 por Serpe Bichoca, ofrece ilustracións e fotografías en branco e negro. Un material para quen teña interese en descubrir a pé a singularidade material e inmaterial do monte Seixo, mesmo aqueles túneles míticos que comunican o Castro Grande con Pozo Sanguento, ou Fontefría co monte de Costoia. Na descrición do camiño non falta detalle do mundo máxico da montaña, desde a cidade de Trentinán, ata o Marco do Vento ou Portalén.

Morgante Rústica
14,8 × 21 320 páxinas

ISBN: 978-84-15166-94-8

19 €




## Beatriz Busto Miramontes

# Um país a la gallega

### Galiza no NO-DO franquista

"Beatriz Busto mostra o difícil que é destrinçar o legado coletivo, quando ele vem presidido por elaborações e se esquece que ele é construção. O legado que lateja por todo este elucidador trabalho sobre o NO-DO como porta giratória da complexa realidade comunitária é o do respeito e o do entranhamento vital. Um trabalho que é um alerta, difícil, mui difícil de praticar, certamente, sobre como hoje estamos construindo o nosso presente e sobre as propostas e imposições em jogo." Elias J. Torres Feijó (Grupo Galabra - USC).

Através Capa mole
14 × 21 cm 168 páginas

ISBN: 978-84-16545-82-7

15,20 €




## Adrián Estévez Iglesias

# Manuel de Castro, *Handicap*

### Crónica dunha paixón

Xornalista, árbitro de fútbol, seleccionador nacional e dirixente federativo. Manuel de Castro González, *Handicap* (Vigo, 1885-1944) foi un dos primeiros informadores deportivos de fama nacional, cronista nos xogos olímpicos (Antuerpen, París e Ámsterdam) e un dos artífices do nacemento en 1923 do Real Club Celta de Vigo, tras a fusión do Vigo Sporting e o Fortuna de Vigo. Esta obra inaugura a colección O noso deporte da editorial Galaxia.

Galaxia Rústica
17 × 24 cm 148 páxinas

ISBN: 978-84-1176-006-5

13,90 €




## Tuco Cerviño

# Un taxi verde e un concerto

Por este intenso relato transita a memoria da familia, que se remonta ata o século XIX, con historias de masóns, republicanos, socialistas, galeguistas, conservadores, falanxistas, peronistas; desterros, cadea, exilio, depuracións, tribunais franquistas, emigración, viaxes, revolucións. A Guerra Civil e as súas consecuencias. E tamén o mundo rural de Cotobade, o Instituto e a adolescencia na Pontevedra dos cincuenta, a Compostela dos sesenta, a universidade e as persoas e organizacións do conflito do 68. "Toda a miña vida está aquí, entre a viaxe co tío Coca, que me levou a Raxó nun taxi verde, e o concerto de Voces Ceibes na Aula Magna de Medicina en abril de 1968. O que vén logo é un simple agromar, enfiado polo traballo e as oportunidades, as aproveitadas e as desbotadas".

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 502 páxinas

ISBN: 978-84-1176-051-5

27,55 €

# Luís Álvarez Pousa



## Medios e políticos, baixo sospeita 1990-2023




Os xigantes tecnolóxicos Google, Facebook, Amazon ou Twitter fan circular información como se dunha simple mercadoría se tratase. Sen que os poderes institucionais e políticos fixeran nada por regular esa nova orde global sostida polos contravalores da desinformación e a mentira. En medio dese tsunami, os medios tradicionais e o xornalismo son ao tempo vítimas -desactivan a súa función política de intermediarios- e cómplices -réndense ao sensacionalismo. O autor deste libro seguiu con mirada crítica ese proceso de progresiva degradación do sistema de comunicación, e articulou un trazado de causas, efectos e responsabilidades que teñen no acontecer político, social e cultural dos últimos 32 anos a súa bagaxe contextual.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 596 páxinas

ISBN: 978-84-8487-639-7

33,20 €

# Manuel Monge González






## Feijóo

### Biografía dun farsante (non autorizada)

Biografía non autorizada que tenta desmontar o discurso da dereita e a ultradereita. O autor analiza a traxectoria e declaracións do presidente do Partido Popular e incide nas contradicións cos feitos. Difúndese que Alberto Núñez Feijóo é unha persoa de centro dereita, reformista, liberal, dialogante, etc. Outros din que é un ultra disfrazado de moderado, que ten dúas caras. Falemos claro, Feijóo é un farsante: "hipócrita, mentireiro, troleiro, patrañeiro", segundo o Dicionario Xerais de sinónimos.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 316 páxinas

ISBN: 978-84-8487-645-8

23,70 €

## Novela gráfica




Stefan Zweig/Borja Dierez

### Os ollos do irmán eterno

Primeira novela gráfica de Borja Dierez na que adapta a novela homónima de Stefan Zweig. Escrita en forma de lenda, *Os ollos do irmán eterno* narra a vida de Virata, un home que busca o valor da coherencia. Deixa unha poderosa mensaxe entre liñas: As decisións acertadas nacen da sintonía co corazón. Escoitar o seu silencio conduce á sabedoría, a unha paz cimentada no valor da coherencia entre o pensamento e os actos.

Galaxia Rústica
21 × 29 cm 76 páxinas

ISBN: 978-84-1176-034-8

16,15 €




David Braña e Pablo Prado

### A batalla de Rande

En 1702, durante a Guerra de Sucesión española, aconteceu un dos grandes fitos da historia naval. Galeóns españois, acompañados por forzas aliadas francesas, arribaron á ría de Vigo co maior tesouro que xamais cruzara o Atlántico. Ata alí os seguiu a escuadra da coalición anglo-neerlandesa, coa idea de apoderarse do botín. A batalla foi encarnizada, as augas da ría parecían arder e, aínda hoxe, segue a ser motivo de especulacións e investigacións.

Galaxia Cartonado
20 × 27 cm 68 páxinas

ISBN: 978-84-1176-000-3

16,15 €




Jesús Crende Novoa

### Lugo apocalíptico

O enxeño desbordante de Jesús Crende Novoa mostra puntos senlleiros da cidade de Lugo arrasados por un cataclismo. Son ilustracións dixitais, pensadas para o grande formato que tiveron grande acollida nas redes sociais antes de vir parar ao papel. O código visual escollido polo autor axuda a conectar a mozas e mozos co escenario real polo que pasan todos os días, facéndolles ver que o excepcional está tamén no cotián. O obxectivo destas ilustracións é defender, valorar e aprender a respectar o patrimonio histórico artístico e arquitectónico que atesoura a cidade amurallada. Coidar o legado recibido do pasado para coidar da identidade e a memoria colectiva.

Deputación de Lugo Cartonado
22,5 × 22,5 cm 100 páxinas

ISBN: 978-84-8192-589-0

15,20 €




## José João R. Rodrigues

# Assim nasceu uma norma

"Até que, finalmente, temos umha análise sociopolítica do processo e tomada de decisões em relação à norma linguística do galego! Umha excelente notícia para quem desejar entender a sua constituição, mesmo que a vivesse até de modo protagónico. A importância do facto acresce ainda por o objeto do estudo tratar-se dum dos processos económicos, sociais, políticos e culturais da Galiza contemporânea mais relevantes: a definição da norma linguística galega e o uso que o aparelho institucional e comercial e a sociedade irá dar-lhe. Oxalá, não seja o texto lido (ao menos, apenas) para andar à procura de justificação das próprias posições ou de afinidades empáticas. Tomara que se leia como documento para pensar o futuro e atuar no presente". Do prólogo de Elias J. Torres Feijó.

Através Rústica 16,5 × 23,5 cm 236 páginas

ISBN: 978-84-16545-83-4

15 €




## José Ramón Castro Frade

# Feirear

Texto que nace movido por un desexo de descifrar o que foi a esencia do substrato feiral no sector primario, pero tamén para abrir o seu futuro nunha nova dirección conforme as condicións sociais e de mercado van cambiando, e que José Ramón Castro Frade coñece de primeira man tras décadas no mundo das Feiras, con maiúscula, do que presenta unha fotografía en primeiro plano.

Galaxia Rústica 16 × 23 cm 118 páxinas

ISBN: 978-84-1176-036-2

20,90 €




## Ramón Villares

# Galicia e Portugal irmandade e fronteira

